

# Código



# Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://codigocero.com>

NÚMERO 6 • DECEMBRO 2002/XANEIRO 2003

## ENERXÍAS RENOVABLES

AGORA OU NUNCA

### E-BARÓMETRO II

A PEME GALEGA, TRALO RASTRO DA EUROPEA

### A LSSI A DEBATE

A GLOBALIZACIÓN DIFICULTARÁ A APLICACIÓN DA NORMATIVA ESPAÑOLA

### BARLOVENTO

DESASTRE NACIONAL:  
A INTERNET EN APOIO DE GALICIA

**Movistar Empresas**

Con nuestras tarifas  
para empresas,  
sólo hablar con las paredes  
te costará menos.



**HABLES CON QUIEN HABLES, TIENES UNA TARIFA A TU MEDIDA CON TU CONTRATO PLUS EMPRESAS**

	TARIFA ÚNICA		TRAMOS HORARIOS	
¿Que tus llamadas más habituales son a Movistar?	0,13 €	0,13 €	7H.-21H.	21H.-7H.
¿Que sueles llamar a los mismos cinco clientes?	0,09 €	0,11 €		
¿Que hablas más con gente de tu empresa?	0,06 €		ENTRE NÚMEROS DE LA MISMA EMPRESA A CUALQUIER HORA DEL DÍA	

*Telefonica*  
**Movistar**

Infórmate o contrátalo en el **1486** o en [www.movistar.com/empresas](http://www.movistar.com/empresas)

**Inventemos cada día.**

## STAFF

## Código Cero

Revista  
de Novas  
Tecnolóxicas  
de Galicia

## Director

Xosé María Fernández Pazos  
(director@codigocero.com)

## Subdirectores

Marcus Fernández  
(webmaster@codigocero.com)  
Carlos Ballesteros  
(cballesteros@codigocero.com)

## Redactor-Xefe

Carlos Lozano  
(cuetorubio@yahoo.es)

## Redacción

Xabier Alcalá (Telecomunicacións)  
Manuela Cernadas (Opinión)  
Antonio Fernandes (Linux)  
Damián Fernández (Linux)  
Manolo Gago (Opinión)  
Emiliano Gómez (Informática)  
Mariano Grueiro (Mac)  
David Lombardía (Nova Economía)  
Sevi Martínez (Xogos)  
Modesto Pena (Redes)  
Víctor Salgado (Dereito)

## Colaboraron neste número:

Domingo Docampo, Ángel  
Viña, Alfonso Martínez, Iñigo  
Muniozgueren, David Lombardía,  
Luisa María Nóvoa-Cisneros,  
Antonio Fernandes, Mariano  
Grueiro, Emiliano Gómez, Carlos  
Lozano e Sevi Martínez .

## Supervisión lingüística:

Paulino Novo e María Xesús  
Vázquez.

## Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, La Opinión  
de A Coruña, Fotolab Xoma-Riveira,  
Joferpa.

Edita: Grupo Código Cero  
Comunicación

UNINOVA. Polig. Ind. do Tambre  
Vía La Cierva, s/n (recinto Mercagalia)  
Código Postal: 15890 - SANTIAGO  
Tel. 981 51 96 00/93 63 24  
Fax. 981 55 77 00  
Móbil: 686 89 76 05  
http://codigocero.com  
redaccion@codigocero.com

## Deseño Gráfico:

eNISA. Servizos Infográficos  
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO  
Teléfono: 981 554 444  
correo@mundografico.net

## Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.  
Rúa Colón, 30 - VIGO  
Teléfono: 986 81 46 00  
Fax: 986 81 46 38

## Número 6 (PREZO: 1€)

Decembro 2002-Xaneiro 2003  
Publicación periódica

Tirada: 12.000 exemplares

Depósito Legal: C-2301/01

I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546

I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

## NESTE NÚMERO...

Hai un ano saímos coa ilusión de dar cumprida conta do que acontecía na Sociedade da Información e as novas tecnoloxías no noso país, un proxecto que nacia dun programa de radio e despois dun portal de internet.

Moitos non nos daban máis de dous números de vida e menos como publicación tan especializada nun país coma este. Doce meses despois, "Código Cero" é xa unha realidade que editou seis números ordinarios e catro extraordinarios, e que adquire co novo ano o compromiso de saír mensualmente ampliando contidos

e paxinación. Un ano de intenso traballo de medio cento de amigos e colaboradores que desinteresadamente apostaron por este proxecto dedicándolle tempo e enerxías, sen os que non sería posible esta revista.

Como tampouco sería posible sen a aposta de empresas, organismos e institucións que nos apoiaron e apoian, facendo posible o soño de que no 2003 esteamos con vostedes cada mes. E todo iso sen esquecer o noso portal <http://codigocero.com>, matriz do proxecto que desde xa se converte nun diario dixital de información tecnolóxica que pon en marcha, co novo ano, canles temáticas específicas para os nosos lectores e suscritores, máis de 700, que diariamente reciben novas puntuais da actualidade tecnolóxica en galego.

Doce meses que nos permitiron coñecer que Galicia enfila o futuro da I+D con esperanza, ilusión e boas, moi boas, perspectivas. Soamente este feliz aniversario se ve manchado polo desgraciado suceso do "Prestige", que enloitou as nosas costas e praias e que nos permitiu descubrir, por se alguén tiña dúbidas, que a internet como vehículo de información libre é xa unha realidade que está aquí para quedar.

O noso número contén coma sempre as seccións habituais e remata cun índice anual de contidos solicitado por moitos amigos que desexan gardar a publicación.

Gracias e, coma sempre, desexo invitarvos a que sigades connosco e que nos visitedes no "vos" diario dixital. Deica o próximo mes.



## FIRMA INVITADA

Victor Salgado: La Ley de servicios de la sociedad de la información y del comercio

4

## NOVAS

Resumo da actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías

5

## ENTREVISTA

Domingo Docampo: En Galicia falta unha instancia que centralice o esforzo para avanzar na S+I

9

## INFORME

e-barómetro II: A peme galega tralo rastro da europea

11

## DEBATE

A LSSI a debate: A globalización dificultará a aplicación da normativa española

13

## INFORME

Energías renovables: ahora o nunca

15

El sol fuente de energía alternativa

16

Energías renovables: ¿modernidad o realidad?

17

La energía eólica alternativa para Galicia: Entrevista Iñigo Muniozgueren

18

## NOVA ECONOMÍA

El fin de una época

19

Nuevo boletín de Caixa Galicia: El análisis de la situación económica al alcance de todos

21

## INSPECTOR GADGET

Tablet PC: ¿O sucesor dos portátiles?

25

Electrónica de consumo

26

## OPINIÓN

Móviles: ¿Comunicación ou moda?

28

Navegacións cotidianas: Todos a una

28

## PC PRÁCTICO

Omnipage Pro 12

29

## XOGOS

El Señor de los anillos: las dos torres

30

## SUMARIO

Índice anual de contidos 2002

31



Víctor Salgado (autor deste artigo) con Borja Adsuara (o pai da LSSI-CE)

# La ley de servicios de la sociedad de la información y del comercio electrónico (LSSI)

**“SANCIONES ENORMEMENTE ELEVADAS Y DESPROPORCIONADAS QUE PUEDEN CARGAR A UN PEQUEÑO EMPRESARIO CON MULTAS DE HASTA 600.000 EUROS (CON MÍNIMOS DE 30.001 Y 150.001 PARA EL CASO DE INFRACCIONES GRAVES Y MUY GRAVES), CANTIDADES QUE PARA UNA GRAN EMPRESA PUEDEN NO RESULTAR ESPECIALMENTE GRAVOSAS PERO QUE PUEDEN HUNDIR EL 80% DEL TEJIDO EMPRESARIAL GALLEGO”**

Víctor Salgado Seguí  
Abogado-Socio del Bufete  
Pintos & Salgado  
vsalgado@pintos-salgado.com

Tras un largo periplo en la fase de elaboración y aprobación de este texto legal, finalmente ya tenemos con nosotros la Ley 34/2002, de 11 de julio, de Servicios de la Sociedad de la Información y de Comercio Electrónico, inicialmente conocida como “Ley del Comercio Electrónico” pero popularmente asumida como la “LSSI” o, más recientemente, “LSSICE”.

Sin duda, ha sido una de las leyes más debatidas de la historia en España con anterioridad a su aprobación y, desde luego, la que más polémica ha suscitado en el ámbito de Internet.

La crítica principal que vertían sus detractores, ya desde los primeros borradores, era su vocación de “censurar” la Red. En concreto, sus disposiciones referentes al control de contenidos de Internet y a la posibilidad de “cerrar” páginas Web por parte incluso de la autoridad administrativa, ha suscitado una fuerte controversia y frontal oposición de una parte de la comunidad internauta.

Por mi parte, aunque comparto algunas de las críticas vertidas, creo también que hay que matizarlas y que, globalmente, la ley arroja un balance positivo. Por ello, empezaré en primer lugar destacando las virtudes de la LSSI dado que hay que reconocerle que viene a:

*a- Cubrir las lagunas legales que existían en el ámbito del comercio electrónico.*

*b- Dar mayor seguridad a los consumidores y usuarios de Internet, así como a las empresas que cumplan la normativa.*

*c- Reconocer la eficacia jurídica de los contratos electrónicos y regularlos.*

*d- Exigir una información concreta y completa a los prestadores de servicios en la Red.*

*e- Regular las comunicaciones comerciales en la Red (con las salvedades que realizaré luego).*

*f- Regular la responsabilidad concreta de los prestadores de servicios intermediarios, eximiéndoles con carácter general en el caso de contenidos ajenos no controlados por ellos.*

*g- Fomentar los códigos de conducta y la solución extrajudicial de los litigios.*

*h- Garantizar la libertad de establecimiento y la libre prestación de servicios en la sociedad de la información.*

Por otro lado, conviene recordar que la LSSI es solo la transposición de una Directiva Europea (la 2000/31/CE) que obligaba al Estado Español a aprobarla antes de enero del 2002. Por tanto, más que criticar la LSSI, en muchos puntos, habría que criticar la propia Directiva. Por ejemplo, en lo que se refiere al concepto enormemente amplio y vago de los “Servicios de la Sociedad de la Información” (donde se incluye al Comercio Electrónico, pero no solamente al mismo). Esto no es un capricho de la propia LSSI, sino que viene impuesto por la Directiva.

Sin embargo, también creo que la LSSI tiene importantes defectos, no derivados de la Directiva, que es necesario tener en cuenta de cara a su correcta aplicación, entre ellos:

1- La prohibición total del SPAM o de las comunicaciones comerciales por correo electrónico no consentidas expresamente por el destinatario. En este sentido, creemos que para un correcto desarrollo del comercio electrónico en nuestro país es mucho más correcta la fórmula de permitir el SPAM siempre y cuando el destinatario no se manifieste en contra expresamente de su recepción. El borrador anterior del Anteproyecto de la LSSI (de enero de 2001) estaba redactado en este sentido, ofreciendo al destinatario la posibilidad de apuntarse en “listas de exclusión” públicas para evitar la recepción de SPAM.

Esta solución, por otro lado, es más acorde con la propia Ley Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD) que dispone el consentimiento “tácito” como suficiente a estos efectos siempre que no se traten “datos sensibles” de los interesados.

2- Un excesivo intervencionismo de la Administración en la actividad económica de Internet, que no tiene parangón o analogía en el comercio no virtual (salvando quizás la seguridad e higiene en el trabajo o el medio ambiente que es un control mucho más concreto y sectorizado). Esto probablemente es un

defecto también de la directiva europea que, en parte, lo dispone.

3- Mayor concreción a la hora de disponer la interrupción o intervención de un servicio de la sociedad de la información: en la redacción actual se indica que tiene que ser solicitado por el “órgano judicial o administrativo competente”, lo cual puede ser suficiente si lo interpretamos conjuntamente con lo dispuesto en la Constitución y en el resto del ordenamiento jurídico, mediante el cual, por ejemplo, nunca se podrá intervenir una comunicación de correo electrónico sin el consentimiento del destinatario o de la oportuna orden judicial y dentro de una investigación criminal, so pena de violar la intimidad de los individuos. Asimismo, tampoco se podrá vulnerar la “libertad de expresión” y cerrar el acceso a una Web, salvo que se estén violando otros derechos mediante contenidos ilegales, como son la apología del delito (terrorismo, genocidio), la pornografía infantil, o la piratería del software, por ejemplo y esto último, siempre con la oportuna orden judicial y con un proceso con todas las garantías.

4- Las sanciones enormemente elevadas y desproporcionadas que pueden cargar a un pequeño empresario con multas de hasta 600.000 euros (con mínimos de 30.001 y 150.001 para el caso de infracciones graves y muy graves), cantidades que para una gran empresa pueden no resultar especialmente gravosas pero que pueden hundir el 80% del tejido empresarial gallego.

En definitiva, habrá que estar muy pendientes de la aplicación de la Ley en los próximos años y las resoluciones judiciales que recaigan sobre las posibles decisiones restrictivas de la administración de cara a garantizar plenamente los derechos fundamentales del individuo y, más concretamente, la libertad de expresión y el derecho a la intimidad y a la privacidad en la sociedad de la información.

Sin embargo y como conclusión, cabe decir que la LSSI viene a aportar la seguridad jurídica que necesitaba el ámbito de Internet para que tanto las empresas como los consumidores y usuarios se decidan a operar normalmente y sin temor en la Red a sabiendas que sus derechos están suficientemente protegidos por la legislación vigente. De hecho, podemos decir que la simbiosis entre la tecnología y la ley en el ámbito de Internet hace hoy mucho más seguro el Comercio Electrónico que el comercio tradicional, lo cual es fundamental para el correcto desarrollo de la Sociedad de la Información.





## GALICIA UN DOS TRES PRINCIPALES NODOS DE COMUNICACIÓN DE REDIRIS 2

A rede estatal de ciencia e tecnoloxía modifica as súas infraestructuras convertindo a Galicia nun dos tres principais nodos de comunicación, xunto con Madrid e Valencia. Os investigadores galegos multiplicarán a súa capacidade de transmisión coas redes internacionais de ciencia. Estas redes son usadas por investigadores, científicos e técnicos de universidades, institucións ou laboratorios de todo o mundo para comunicarse entre eles ou para desenvolver os seus proxectos científicos. RedIRIS é unha destas redes exclusivas. Nacida co apoio do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e xestionada polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), RedIRIS comunica a máis de 250 universidades e centros de investigación de España. Esta rede tamén xestiona as conexións coas redes científicas doutros países, configurando entre todos unha enorme rede internacional. Coa modificación da súa estrutura no primeiro trimestre de 2003, a rede estatal de ciencia e tecnoloxía, vai incrementar moi significativamente a súa capacidade de transmisión de información. Ata agora, Madrid era o centro do que partían as infraestructuras de transporte da RedIRIS, conectando os 17 nodos pertencentes ás diferentes comunidades autónomas, con Gigacom-Telefónica coma provedor. Este sistema centralizado orixinaba fortes carencias ó non ser posible a conexión entre nodos sen a mediación de Madrid. A partir do próximo ano, a rede española instalará novas infraestructuras de transporte a través dun novo provedor, Red Eléctrica Española. Deste xeito, o sistema pasará de ser centralizado a mallado, é dicir, existirán múltiples camiños para chegar a un determinado destino sen necesidade de pasar a través do nodo central. Con esta nova configuración do mapa de RedIRIS non só se aumenta a capacidade de transmisión da información, senón que tamen se modifica a xerarquía dos nodos. Galicia pasará a ser, xunto con Madrid e Valencia, un dos principais nodos de comunicacións da comunidade científica de España. O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), situado en Santiago de Compostela, é o lugar no que están instalados os equipos de comunicación que concentran as transmisións entre a rede estatal e a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (RECETGA). A elección do noso país como un dos principais nodos da rede estatal debeuse conxuntamente ás xestións da Secretaría Xeral de I+D da Xunta de Galicia e á experiencia acumulada polo CESGA, que ven xestionando esta rede de investigación autonómica desde 1993. A RECETGA fornece servizos de comunicacións avanzadas á comunidade científico-académica de Galicia. Así, esta rede, que hoxe conta con máis de 40 puntos de acceso en Galicia e dá servizo a tódolos campus galegos, centros e laboratorios de investigación da Xunta e do CSIC e a outras institucións adicadas á I+D. O Cesga xestiona esta rede en colaboración coa Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual. O punto de acceso a RedIRIS en Galicia contaba, ata agora, cunha capacidade de ata 42 Mbps (megabits por segundo) fornecido a través dunha única liña. A partir dos novos cambios, Galicia estará conectada a través do CESGA con Madrid por tres liñas de 2,5 Gbps (unha directa, outra a través do País Vasco e unha terceira a través de Castilla-León) ademais de outra liña de 622 Mbps a través de Asturias-Cantabria-País Vasco

## LEVEL TELECOM

República Argentina, 26, 1º Izqda. 15701  
Santiago de Compostela (España)  
Tfno.: (+34) 981 534 005  
Fax: (+34) 981 566 605

Parque Tecnológico de Galicia.  
San Cibrao das Viñas - E-32901 Ourense  
Edificio CEI, nido 17  
Tfno.: (+34) 988 368 182  
Fax: (+34) 988 368 181

info@leveltelecom.es

Comercio Electrónico B2B y B2C

Plataforma Logística en Internet

Sistemas de Información Web

Desarrollo de Aplicaciones Específicas

Redes Corporativas de Datos

Proyectos e Instalaciones de Voz y Datos

Consultoría a Empresas

Aplicaciones Móviles GPRS



<http://www.leveltelecom.es>

902 10 90 90

# Código Cero



Portal de  
Novas Tecnolóxicas  
de Galicia



en <http://codigocero.com>  
atoparás información sobre

informática internet  
telefonía mac  
wireless linux  
eventos e moitas cousas máis



¡subscríbete ó  
noso boletín  
gratuito!



## GALICIA ESCALA UN POSTO NO RANQUING DO GASTO EN I+D

A Comunidade galega desmarcouse da ralentización xeneralizada do gasto en I+D en 2001 cun incremento de máis de 30 millóns de euros con respecto do ano anterior. Estes datos colocan a Galicia no sexto lugar do ránking por comunidades autónomas, achegándoa un pouco máis á converxencia coa media nacional, da que o ano pasado só a separou o 0,26 por cento sobre o Produto Interior Bruto (PIB), fronte ó 0,31 por cento do ano anterior. Os 240.265.000 euros executados en gasto en I+D

supuxeron o 0,7 por cento do PIB galego en 2001, indicador que en 2000 se situou no 0,63 por cento. A cifra total de gasto supón un aumento do 15 por cento con respecto da rexistrada en 2000, que ascendeu a pouco menos de 210 millóns de euros. Estes datos despréndense do último balance feito público polo Instituto Nacional de Estatística (INE) sobre os indicadores básicos correspondentes á Investigación e ó Desenvolvemento Tecnolóxico en España.

O gasto rexistrado en España pasou de 5,7 millóns de euros en 2000 a 6,2 millóns en 2001, o que supón un incremento do 8,9 por cento, un 6 por cento menos ca en Galicia. A media estatal do aumento no esforzo aumentou dúas centésimas, do 0,94 ó 0,96 por cento do PIB, fronte ás sete rexistradas en Galicia. Por autonomías, sitúanse por diante de Galicia no que se refire á porcentaxe da cifra total de gasto en I+D sobre o PIB as comunidades de Madrid, Euskadi, Catalunya, Navarra e Castela e León. A Comunidade Valenciana, que ata o de agora viña superando sempre a Galicia, empata neste exercicio co seu 0,7 por cento.

Por outra parte, Galicia continúa aumentando a súa participación no total do gasto executado por España en I+D. Mentres que en 2000 a Comunidade galega representou o 3,7 por cento do total do Estado, no ano pasado a cifra situouse no 3,9 por cento.



Miguel Anxel Ríos, secretario xeral de I+D, responsable da Investigación en Galicia

## I XORNADAS DE SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

Recentemete celebráronse na Universidade de Santiago de Compostela as I Xornadas sobre Software Libre en Galicia (<http://jornadas.glug.es/indexga.php>) co que se pretende potenciar o uso dos programas open source no noso país. As actividades realizáronse na Aula Magna da Facultade de Físicas e no Salón de Actos do Colexio Maior Fonseca. O evento organizouno o Grupo de Usuarios de Linux de Galicia (<http://www.glug.es/>) e maila Asociación Isaac Newton.



## NOVOS DOMINIOS .ES EN 2003

O vindeiro ano renovarase o sistema de nomes de dominio .es incorporando a venda de dominios de terceiro nivel baixo os sufixos .com.es, .nom.es, .org.es, .gob.es e .edu.es, cuns requisitos flexibles para permitir a popularización do dominio español.

Os novos dominios custarán 6 euros ó ano, polo que saen máis baratos cos dominios .com, o que podería decantar a moitos usuarios e empresas de cara a esta nova alternativa.

## DESCENDE O NÚMERO DE INTERNAUTAS

O número de internautas españois descende por primeira vez segundo o Estudio Xeral de Medios (EGM) con 36.000 usuarios menos que no estudio anterior. As cifras do EGM xa asemellan estar moi esaxeradas (se as contrastamos cas do INE) e as súas análises optimistas comezan a non se soste. Así, o INE e a CMT estimaban un 17,4% dos fogares conectados mentres co EGM conta cun 22,6%. O último estudio do EGM non só reflicte un descenso no número de internautas senón tamén no tempo de conexión (e, especialmente, a frecuencia de conexión).

## O TRAC PODERÍA SER SUBSTITUÍDO POR VARIAS TECNOLOXÍAS

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía contempla que o proceso de substitución das liñas TRAC, que conta con 145 millóns de euros procedentes de fondos europeos FEDER, se debe realizar en base a diferentes tecnoloxías e empresas, como poden ser GSM, par de cobre, LMDS ou satélite. A proposta multitecnolóxica é unha aposta por aplicacións diferentes segundo a zona xeográfica que se trate, supoñendo así un uso racional dos recursos.

## R DESEÑA UNHA ALTERNATIVA Á TELEFONÍA NO RURAL

R, o operador galego do cable, en colaboración con Euskaltel desenvolveu unha tecnoloxía inarámica para levar a súa oferta de servizos máis alá das cidades, polo que sería a primeira alternativa completa para a actual rede de telefonía rural.

Meicende (Arteixo) será testemuña dun programa piloto para o estudo da viabilidade económica e tecnolóxica do sistema, que tamén contou coa colaboración da Xunta e do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Este novo sistema podería levar a Internet de alta velocidade ó rural, tendo grande relevancia no caso de Galicia, no que a orografía complica o cableado.



## A EVOLUCIÓN DA INFORMÁTICA EN CULTURAGALEGA.ORG

O portal Culturagalega.org publicou un artigo da exposición sobre a historia da informática no Centro de Supercomputación de Galicia, que recolleu a evolución desta ciencia amosando diferentes aparellos de computación que se viron polo noso país. Dende as máquinas de finais do século XIX ata os primeiros supercomputadores de comezos dos noventa.

Acompañan o artigo cunha galería fotográfica do primeiros ordenadores galegos. Pola súa banda un estudio sobre o xornalismo na Internet realizado polo Consello da Cultura Galega destaca as precarias condicións no traballo dos xornalistas de medios electrónicos. Así, por termo medio o xornalista dixital é un licenciado en Xornalismo, varón, menor de 30 anos, que traballa a xornada completa cun salario de entre 600 e 900 euros ó mes, facendo horas extras de balde. O informe en PDF pódese descargar da Mediateca do Consello da Cultura Galega. ([http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/xorn\\_internet.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/xorn_internet.pdf)).





## Entrega dos Premios da AETG



A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG), presidida por Gil Bernárdez Matovelle, celebrou a Noite Galega das Telecomunicacións, que este ano tivo lugar no Parador Conde de Gondomar de Baiona. O obxectivo desta gala é a de premiar todas aquelas iniciativas empresariais que impactaron no campo das telecomunicacións o longo do ano, así como a diferentes profesionais que pola súa traxectoria e aportación á profesión, son merecedores dun recoñecemento.

Durante o acto, Ignacio Otero López, Director Xeral de Comunicación Social e Audiovisual da Xunta de Galicia, e Honorato López Isla, Presidente de R e Conselleiro delegado de Unión FENOSA, foron distinguidos como Enxeneiro do ano e Socio de Honra respectivamente. Do mesmo xeito e no seu empeño de fomentar e difundir-lo mundo das telecomunicacións a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia tamén entregou no transcurso da gala os premios á innovación empresarial na categoría de comercio electrónico que foi recollido por Juan Manuel Méndez de Iterdata, redes de comunicación a TLR recollido por José A. Martínez e medios de comunicación dixital á La Voz de Galicia galardón que foi recollido por Manuel Moreno Berguer. O evento, que conta co patrocinio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e importantes empresas do sector a nivel nacional, asistiron autoridades autonómicas, representantes do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación e empresarios do sector.

## REUNIÓN EN SANTIAGO DE LOS DIRECTORES DE INFORMÁTICA DE LAS PRINCIPALES EMPRESAS GALLEGAS

Los directores de informática de las principales empresas gallegas se reunieron en el Centro de Estudios Avanzados de la Universidad de Santiago dentro del segundo Encuentro de Directores de Tecnologías de Información y Comunicación de Galicia. Responsable del encuentro fue el foro e-Gallaecia.

Con este seminario se pretendía crear un circuito de reuniones en las que los expertos en el campo de la computación de la Comunidad charlen sobre sus realidades, problemas y expectativas, abriendo así el canal de relaciones de los directores de informática para que conozcan el día a día de los responsables de otras firmas en este campo. Las charlas también tuvieron por objetivo potenciar las TIC (Tecnologías de Información y Comunicaciones) en Galicia.



Entre los temas que se abordaron en el encuentro estuvieron la seguridad informática, la organización de estos departamentos y las funciones de su director, la formación en estas áreas, y las tecnologías de almacenamiento y las comunicaciones

## A FUNDACIÓN R OUTORGA OS PREMIOS DO 1º CONCURSO INTERNET ÚTIL

A fundación R, creada por R para impulsar o desenvolvemento das novas comunicacións en Galicia, outorgou os premios correspondentes ó 1º concurso internet útil, que se dirixiu a tódalas pemes galegas interesadas na utilización de internet como ferramenta eficaz para mellorar a xestión, a operativa diaria ou os obxectivos comerciais das súas empresas.

En liña coa filosofía do concurso, que naceu co gallo de contribuir a dinamizar a utilización de internet como ferramenta útil para as pemes galegas -máis aló do uso pasivo da rede mediante páxinas web informativas e estáticas-, os proxectos premiados responden, por orde de maior a menor importancia, ós criterios de: utilidade empresarial do proxecto web, integración na actividade diaria da empresa, simplicidade da xestión, extensión da súa utilidade á sociedade galega, usabilidade e deseño. Os gañadores foron

1º premio: 6.000 euros : empresa: Bolsamaría S.L. proxecto: [www.infomercados.com/indextr.asp](http://www.infomercados.com/indextr.asp). A través dunha web de información financeira, independente, con información e servizos orixinais, este proxecto pretende axudar ó pequeno inversor a mellorar a eficiencia dos seus investimentos. Contén unha área formativa con cursos, enciclopedia, glosario, librería financeira; análises, aplicacións e contidos propios; seguemento diario das novas do mercado e das empresas cotizadas; alimentación de bases de datos con cotizacións vía satélite en tempo real; e novas ferramentas interactivas como alarmas SMS a móbiles, applets Java para xeneración automática de gráficos, mapas interactivos de mercados e valores, etc.

2º premio: 3.000 euros : empresa: Artesanía La Galaica proxecto: [www.lagalaica.es](http://www.lagalaica.es). Esta ferramenta utiliza a rede internet para ter en todo momento actualizado o catálogo de produtos, así como a indicación da tarifa de prezos e as diferentes ofertas existentes. A súa utilidade esténdese tanto ós clientes como ó persoal encargado das labores comerciais da empresa, facilitando as comunicacións remotas entre a central e os axentes comerciais desde calquera lugar do mundo e xestionando os pedidos e demais información en tempo real.

3º premio: 1.500 euros : empresa: Selección Personal Tests S.L. proxecto: [www.sptestes.com](http://www.sptestes.com). O sistema "Gentest, selección on-line" serve para avaliar a personalidade, as aptitudes e os coñecementos dos candidatos na tarefa de selección de persoal do departamento de recursos humanos de calquera empresa. O sistema pode ser utilizado vía internet, mediante conexión filtrada por usuario e contrasinal, ou ser imprantado na modalidade intranet.



## III SEMANA GALEGA DO EMPRENDEDOR

Celebrouse a III Semana Galega do Emprendedor dirixida a estudantes universitarios de últimos cursos para animalos a levar á práctica as súas propias ideas empresariais para o que dispoñen de múltiples axudas técnicas e económicas. O acontecemento tivo lugar entre as facultades de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago, Vigo e A Coruña, a Escola de Deseño Industrial de Ferror, a Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra e o Edificio Xurídico Empresarial de Ourense.

A Semana Galega do Emprendedor é un proxecto organizado pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude en colaboración coas tres universidades galegas e a Fundación da Confederación de Empresarios de Lugo que pretende converterse nun foro de información. Así, os estudantes dos sete campus universitarios de Galicia tiveron a oportunidade de coñecer a realidade laboral e as axudas das que poden beneficiarse para a posta en marcha dos seus proxectos empresariais.



O que en principio era unha contribución o informe Galicia 2010, dentro do apartado de análise do futuro das novas Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, acabou sendo un esforzo maior para reflectir a realidade galega nas páxinas dun libro, "Tecnoloxías das Comunicacions. Unha visión desde Galicia". O seu autor é Domingo Docampo actual Rector da Universidade de Vigo. Un home que traballa pola modernidade do seu país.

**DOMINGO DOCAMPO**

# “En Galicia falta unha instancia que centralice o esforzo para avanzar na sociedade da información”

**¿Unha universidade nova como é a de Vigo ten vantaxes para afrontar o reto da sociedade da información ou pola contra tamén nese terreo e preciso ter o poso das vellas universidades?**

Non se pode respostar de forma xenérica. Non creo que exista unha regra que diga que as institucións que teñen poso lles resulta máis difícil reaccionar e as institucións novas lles resulta fácil. Coñezo institucións con poso que reaccionaron con rapidez e outras que o fixeron moi lentamente e conexas universidades pequenas que son áxiles e outras que son fósiles. Ademais esta universidade ven da de Santiago que ten moito prestixio nese campo e cando se segrega ten unha forte personalidade inclinada cara a enxeñería: ten unha escola de certo peso como é escola superior de enxeñeiros industriais, ou a de telecomunicacións, a camada escola de peritos de Vigo. O feito de ter unha personalidade moi vencellada co mundo da enxeñería lle deu os resortes necesarios para reaccionar en temas como a acomodación as novas e investigación das novas tecnoloxías e de investigación, aplicada a empresa. Por iso nos temos beneficiado de estar aquí en Vigo.

**Vostede sempre defendeu que tiña que incrementarse a colaboración entre a empresa e a universidade. ¿Está satisfeito da situación actual?**

Un nunca está satisfeito de cómo están as cousas, pero a veces tamén convén non ser tan autocrítico e votar unha ollada o pasado para ver como estaban as cousas cando nos segregamos e cómo estamos agora. A diferenza é abismal. De ter unha contratación coa industria irrelevante pasamos a ter máis dun trinta por cento do volume dos ingresos que se moven na investigación, quere dicir que se deron moitos pasos na relación empresa universidade. Entón, aínda que con iso non nos sentimos satisfeitos e verdade que o profesorado da universidade galega en xeral deu un paso importante, tendo en conta que estamos nunha comunidade autónoma que ten poucas empresas de gran volume, temos empresas pequenas o que fai máis



difícil a inversión en I+D. Aínda que en Galicia nas últimas décadas se puxeron en marcha proxectos empresariais dunha vitalidade extraordinaria como é o caso de Inditex. Tamén e a obriga da universidade convencer os estudantes de que o rematala carreira no hai que buscar un patrón senón motivalos para que emprendan e busquen o propio emprego.

**¿A crise das empresas de telecomunicacións lle pode restar inversións a colaboración coa universidade e a investigación, e que os estudantes xa no se interesen polas carreiras tecnolóxicas?**

Eu penso que esta situación de crise dentro do que poderíamos chamala estatística e un dato que non encaixa na serie, é que a tendencia vai comer

dentro duns anos. Xa que a crise no foi provocada pola tecnoloxía se non pola bolsa, e as expectativas infundadas na propia tecnoloxía. Esta situación e un feito coxuntural aínda que dea a impresión de que estamos diante dun túnel sen saída. A tendencia vai estar marcada por un crecemento sostido nesta década e nas próximas de todo o que ten ver coas novas tecnoloxías aínda que temos un par de anos malos no que as empresas no terán fondos extras para invertir en I+D. Agora é o momento do Estado facendo un esforzo maior para realimentar a maquinaria da universidade empresa, se precisan os programas nacionais para engraxala máquina, e cando a conxuntura sexa máis favorable volverán os fondos das empresas. E o momento do ministerio de Josep Piqué, Ciencia y Tecnología,

que deixen de gastar en fragatas, ou que gasten pero que non digan que son inversións en I+D. Os alumnos lles chega que o rematala carreira os de telecos non teñen traballo de inmediato. É evidente que hai un cambio coxuntural do mercado. Pero iso non influíu na elección dos estudos. No ano 1999 tiñan solicitado o seu ingreso en TELECOS 350 estudantes, no 2001 baixou a 240, e no 2002 foron 340 as peticións de ingreso. Esa é a tendencia.

**¿Cal é a situación da escola de telecomunicacións da universidade de Vigo?**

A escola de telecos está moi asentada: é a terceira escola cronoloxicamente de España e manteñen esa posición en canto o volume de captación de fondos externos e de contratación. Ten un

profesorado maioritariamente da máxima cualificación académica, instalados nas prazas de profesorado do Estado. Son moi activos na captación de fondos de Europa, do ministerio ou da Xunta. Nos últimos catro ou cinco anos tivo grandes dificultades para captar estudantes que fixeran o doutorado e se incorporasen os proxectos de investigación, xa que a demanda do mercado era moi forte, pero nestes momentos, gracias a que o mercado esta renuente, a contratación de enxeñeiros con altos niveis salariais, de entrada fai que sexa mais sinxelo contratar investigadores e bolseiros. E seguimos sendo capaces de captar mais proxectos. Eu creo que a escola de telecos de Vigo goza de moi boa saúde..

**¿O fracaso de proxectos como UMTS pon o descubierto unha incapacidade tecnolóxica para satisfacer as demandas dos cidadáns?**

A tecnoloxía está moi por diante da capacidade de absorción por parte da sociedade, non e un problema tecnolóxico.. A tecnoloxía UMTS non está dispoñible nestes momentos porque ninguén cree que vaia ser tan rendible como parecía nun principio. Naquel momento inicial as empresas puxéronse a correr porque de non estar na carreira provocaba unha rebaixa considerable na súa cotización bolsista.. No caso da tecnoloxía UMTS a sociedade non a necesita. Eu, que son un consumidor de tecnoloxía de certo nivel, e non preciso a UMTS, nin sequera o quero .. Hai que preguntarse para qué é, ou para qué se precisa unha determinada tecnoloxía, e non o cómo e. Nun momento tódalas preguntas foron dirixidas o cómo. Cantos cidadáns precisan descargar unha imaxe da súa nai que o está chamando por teléfono.

**¿Cómo está Galicia nas tecnoloxías das comunicacións?**

Si resulta que nos indicadores que miden un barómetro tan simple como o acceso as novas tecnoloxías, en función do número de liñas telefónicas por habitante, do número de computadores nos fogares, do número de accesos a internet na poboación, estamos o nivel de Extremadura e Castilla-La Mancha, as últimas comunidades autónomas de España; se, ademais, vemos que preto de aquí, en Portugal, nos últimos tres anos, cunha política activa e decidida por parte do Goberno portugués para incentivar mediante un macroproxecto, no que participan operadores, axentes sociais, fabricantes de tecnoloxías, as empresas, as institucións o sistema educativo con subvencións para comprar equipamentos e alugamento de liñas, conseguen pasar de estar por debaixo de Galicia a outra posición na que case se atopan por riba de Cataluña, hai que pensar que é posible facer cousas con mais ambición. En Galicia houbo un empuxe moi grande o comezo da década pasada cos acordos



con Telefónica, moi beneficiosos para empresa e tamén para Galicia, a Xunta tiña un compromiso claro coa introducción de novas tecnoloxías, coas redes, de feito a rede de Galicia para a investigación naceu nese momento e agora está funcionando a plena satisfacción dos centros públicos, eu creo que ese esforzo foi morrendo o longo da década e agora necesitamos unha revitalización potente por parte do goberno da Xunta.. Voto de menos unha instancia que centralice o esforzo de Galicia para o avance da sociedade da información. Cando se pregunta cal é a persoa que se responsabiliza do avance da sociedade da información a contestación non é fácil, e cando non hai unha persoa responsable a responsabilidade se dilúe e resulta moito mais difícil programar obxectivos e moito mais difícil cumprilos.

**¿Onde está o déficit nas infraestructuras, nos especialistas?**

De infraestructuras non hai déficit,

son de primeiro nivel e están mellorando continuamente, agora mesmo imos entrar nos programas Interrec para comeplata-las infraestructuras troncais., os operadores non teñen aquí unhas infraestructuras distintas doutras partes do Estado. Hai un operador de cable R, e un suboperador Comunitel, ámbolos con profundas raíces galegas. No capital humano tampouco temos déficit: en Galicia: temos titulados en informática, física, telecomunicacións, matemáticas, periodismo, publicidade, belas artes. Temos montón de xente que traballa en profesións dedicadas a creación, absorción e deseño coas novas tecnoloxías. Aí non está o problema. Hai unha cuestión que ten que ver co carácter emprendedor dos galegos, hai mais axuda entre os empresarios vascos ou cataláns, hai mais capacidade de risco nesas comunidades.. E un asunto de tradición centenaria, e non se corrixe de forma súpeta, Necesitamos novas xeneracións para ter ese carácter empresarial.



Domingo Docampo ofrécenos unha visión panorámica das tecnoloxías. servicios e redes que fan posible o asentamento da Sociedade da Información.


Enmarcada nunha percepción positiva. Sen renunciar ó san escepticismo do impacto destas tecnoloxías na sociedade e da súa incidencia no futuro de Galicia. Non hai reto máis importante para o país a día de hoxe que incorporarse con plenitude a esta nova sociedade que as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) están transformando acelerada e imparablemente.

Galicia xógase moito na carreira dixital. Nos vindeiros anos haberá que tomar importantes decisións nos ámbitos públicos e privados que contribúan a acelerar a incorporación plena de Galicia na Sociedade da Información; Tecnoloxías das comunicacións quere animar o debate actual sobre o impacto das TIC para lograr o maior grao de participación posible no deseño de estrate xias que axuden a conformar o futuro da nosa sociedade.



COMPARATIVA DA SITUACIÓN DA PEME GALEGA E A PEME EUROPEA ANTE O  
PANORAMA DO COMERCIO ELECTRÓNICO E AS NOVAS TECNOLOXÍAS


# A PEME galega, tralo rastro da europea



*A comparación da empresa galega coa europea no tocante ó emprego de Internet e o comercio electrónico amosa un importante desequilibrio.*

O fabricante asegura que sacará actualizacións do firmware do seu produto de xeito que se aparecese unha nova versión do divx (algún día lle chegará a hora á versión 6) poderían reproducirse as películas nese formato sen problema, pero esta afirmación conta foi criticada por múltiples expertos, por considerarse difícil de cumprir.

O visionado de CD-ROMs con imaxes no propio televisor tamén é un punto a favor do DP-450, pois a fotografía dixital está a medrar día a día, e as xuntanzas familiares fronte os álbums de fotografías pódense substituír facilmente por veladas fronte o televisor da casa.

Agora ben, o reprodutor ten un prezo duns 399 euros e chegará ó noso país a finais de novembro das mans de, entre outros, tododvd.com, sendo un investimento importante para o ocio doméstico cunha vida moi limitada, pois aínda non se estima o tempo de obsolescencia do produto. Outra dúbida para a súa adquisición prantexana os proxectos que están a levar o Linux á Xbox, pois conseguiríase así un reprodutor multimedia moito máis completo e a un prezo moito máis atractivo (uns 249 euros).

Ó considerarmos que o mercado actual xa ten reprodutores de DVD a partires dos 100 euros, o pago dunha cantidade catro veces superior é unha decisión moi difícil de tomar polo que dende estas liñas non recomendamos este produto, especialmente por ser o primeiro en contar ca etiqueta de divx compatible, pois está claro que en breve haberá moitos máis produtos con prestacións superiores a un prezo moito máis competitivo.



## Novo tipo de reciclaxe de ordenadores: as peceiras

Algo que comezou como unha broma acaba de se converter nun negocio: as peceiras feitas con vellos ordenadores Mac.

Hai xa dúas liñas definidas no mercado: os MacAquarium e os iMacAquarium, baseados no Mac e iMac respectivamente.

Na web de Maquarium está dispoñible unha tenda na que se pode mercar un MacAquarium por uns 149,99 dólares ou un kit para actualizar un vello Mac por 89,95 dólares de xeito que se consegue un Mac H2O compatible.

As versións iMacAquarium son máis caras (299,95 dólares) pero hai que entender que é máis difícil atopar un iMac que estea en desuso.

Sen dúbida este sería un orixinal agasallo para ó vindeiro Nadal.



No número anterior de Código Cero invitamos ós nosos lectores a que elixir as mellores webs galegas e non galegas. Hoxe temos os primeiros resultados da enquisa que sigue aberta, e para aqueles que participen entrarán no sorteo de xogos de ordenador. Temos vinte xogos de FX Interactive, e máis de 50 tradutores de galego, agasallo da Dirección Xeral de Política Lingüística. Queremos simplemente agradecer a colaboración de todos vos para elixir o mellor web galego do 2002. Podedes mandarnos un correo electrónico a "redaccion@codigocero.com" indicando os vosos sitios preferidos. Si non tedes "emilio" podedes mandarnos unha carta ou tarxeta postal a "Código Cero" Apartado Postal 700. 15703 Santiago de Compostela. Gracias a todos e sorte.



## Segway: o patinete do futuro

Chamando dun xeito importante a atención de tódolos medios de comunicación cunha campaña baseada en rumores, lanzaron un novo modelo de patinete que se coñecía nun primeiro momento como Ginger e que finalmente chegou ó mercado coma Segway.

O aparello en cuestión é coma un patinete con dúas rodas enormes que se pode manexar dun xeito moi doado, avanzando cara adiante cando o usuario se inclina cara adiante e facendo o propio se o usuario se incluca cara atrás. Tamén se pode desprazar lateralmente.

A protección do medioambiente, o baixo consumo e o seu reducido tamaño son grandes bazas deste sistema de transporte que ten como inconvintes o seu elevado prezo e a súa escasa dispoñibilidade.

Actualmente o Segway só se pode mercar a través de Amazon.com, mediante unha reserva, para ser entregado a primeiros de maio de 2.003. Os que non encarguen as primeiras unidades deberán agardar ata o 31 de xullo para recibir o seu dispositivo de desprazamento humano. Iso si, o cacharriño ten un prezo de 4.950 dólares (máis de 5 mil euros) debéndose adiantar a décima parte como sinal, o que botará á meirande parte dos posibles compradores para atrás.

O patinete ten dispositivos eléctricos e unha batería recargable, polo que se converte nun xeito de transporte cómodo e sinxelo para a cidade, aínda que en Galicia tería unha posibilidades moi limitadas polas nosas condicións climatolóxicas, posto que a auga pode ser un grande problema para este tipo de aparello que poderíamos calificar de curiosidade tecnolóxica.



# Móviles: ¿Comunicación ou moda?



Por Carlos Lozano  
cuetorubio@yahoo.es

Non sei cántos, dos que se interesan polos trabellos tecnolóxicos que motivan a edición desta revista, teñen a mesma teima ca min: de cando en cando boto a mirada cara a atrás e observo a evolución no tempo de aparellos que, de empregalos a cotío, forman parte da nosa vida. Dende esta reflexión abríaime ver como o récord evolutivo do ordenador persoal, que parecía tan difícil de superar, é batido amplamente polo furacán do teléfono móbil, demostrándonos o rápida que pode ser a implantación dun novo aparello e unha nova tecnoloxía.

Non vou analizar canta importancia tivo neste éxito o "marketing", pero está bastante claro que a telefonía móbil respondeu a unha necesidade popular, tecnoloxicamente moi ben resolta e cun despregue moi rápido. Eso si, apoiado por un sistema de venda case que infalible: terminais gratis, ou case gratis.

E é que a telefonía móbil popularizouse en menos de cinco anos. Pasamos de practicamente ninguén a case que todos nun chiscar de ollos; empregámolo a cotío, incluso tendo teléfono fixo ó alcance. O "móbil" leva a nosa axenda, a mensaxería instantánea, o caderno de direccións e contactos, os xogos... Agora, ademais, correo electrónico, acceso a Internet, radio, reproductor de mp3 e ata cámara de fotos e videoconsola. Todo esto nun aparello que ocupa e pesa menos cá carteira. ¿Non será excesivo? Porque en realidade o "móbil" é un aparello para comunicarse, ou fundamentalmente debería ser eso, e o desenvolvemento tecnolóxico debería ir cara a mellorar os puntos febles, ou a facer o seu emprego máis doado. Nestes días cando vas a comprar un "móbil" véndenche máis que teña carátulas intercambiáveis cá duración da batería; pantallas a cor máis que un teclado cómodo e ergonómico; cámara de fotos máis que unha boa sensibilidade e cobertura.

Pero esto é así porque o cliente pide máis unhas características que outras e, por tanto, o fabricante esquece investigar en reducir o consumo do terminal, aumentar a calidade do son ou a sensibilidade. E máis, todas esas características que tanto venden diminúen ou empeoran as verdadeiramente importantes, e ademais son máis baratas de desenvolver. Pero así son as cousas e o mercado ás veces reacciona de forma sorprendente a determinadas ofertas, e no mundo da telefonía móbil o negocio nacido a carón da personalización, con "logos" e sintonías, é un exemplo claro.

Non creo que Nokia prevera semellante éxito cando ofreceu esta característica por primeira vez nos seus terminais.

Pois o futuro preséntase movido e xa se fala de integrar tamén no "móbil" o GPS (localización vía satélite). Non só para saber onde se encontra un, senón tamén para recomendar determinadas opcións (as mellores ou máis achegadas), como restaurantes, farmacias, gasolineras, etc. As posibilidades son enormes.

Pero non é un futuro sen sombras, e a telefonía móbil pode, incluso, morrer de éxito. Ben, morrer é exaxerado, claro, pero si que as expectativas son xa tan altas que

os investimentos necesarios para poñer en marcha determinados proxectos teñen preocupadas ás operadoras, que se tentan os petos antes de afrontalos, sobre todo despois da desfeita das licencias UMTS, e o picazo da burbulla tecnolóxica.

Por outro lado, outro aparello que vai pouco a pouco popularizándose é o "organizador electrónico persoal", ou PDA, que posiblemente acabe integrando a telefonía móbil entre as súas funcións, co que o concepto que temos da informática e da comunicación cambie de forma notable nun futuro moi próximo. Pero esto xa dá para outro artigo que pronto veremos en Código Cero.



## Navegacións cotidianas

### TODOS A UNHA



Por Manuel Gago  
magago@usc.es

Vaia, non é por parafrasear a El-Rei cando andivo de visita polas nosas petroleadas costas, pero o lanzamento da edición de pago de elpais.es, ese topstar da audiencia de medios electrónicos en España, provocou unha vaga unánime de críticas salvaxes entre expertos, expertos e o público en xeral. En xeral, criticase moito a decisión de pechar case completamente o xornal (záfanse os editoriais, as viñetas de Forges por certo, o máis visto do xornal en Internet e determinadas áreas de participación dos lectores), como as entrevistas colectivas.

O certo é que dende había un ano antes había como un rumore, rumore existente en tódolos foros profesionais do Estado. Fracasados os fenómenos de publicidade expositiva os banners, ou os patrocinios- e sen funcionar demasiado ben as canles de comercio electrónico implementadas en moitos destes medios, estes pasaron de figurar no capítulo de "investimentos" das empresas para esfrazarse de cheo no de "custes". Eis había un gran problema: todos semellaban estar de acordo en que había que cobrar, pero ninguén tiña moi claro como. Barallábanse fórmulas coma o pay per view pagar por un artigo-, ou mercar un bono de consumo cunha cantidade de artigos limitada- o peche total ou un modelo mixto. Dos primeiros en entrar na estratexia timidamente- foi La Vanguardia, cun produto de información económica novo sismograma.com- e El Mundo pechando a súa edición impresa.

E ese foi o contexto no que saíu elpais.es 3.0. A saída foi bastante precipitada numerosísimos problemas técnicos e unha lentitude de conexión que persiste aínda hoxe- pero cun importante e valiente redeseño para facer máis accesible e organizada a información. Elpais.es soubo xogar cos seus activos, potenciado a súa hemeroteca e incluíndo toda a información do xornal en papel dende a súa fundación no ano 76. Hoxe en día, o consumo de información pasada consume o 40% da audiencia dos cibermedios.

Son da filosofía de que canta máis gratuidade haxa na rede, mellor. Pero tampouco comparto o feito hipócrita de esixirlle ese esforzo de xeito gratuito ás empresas que, non o esquezamos, dependen do beneficio económico. Agora ben, disinto das estratexias. Gracias á súa edición dixital, El País agora falo da edición impresa- gañaba visibilidade en áreas como Galicia, no que a súa presenza é testemuñal e restrinxida a determinados círculos. E iso traducíase en exemplares mercados. Posiblemente, elpais.es podería ter aproveitado outros modelos, como Le Monde, onde as zonas de pago están limitadas ó contexto a súa hemeroteca, os dossiers de información- e seguen mantendo gratuítas as áreas de información actualizada. Co peche case absoluto da edición electrónica, teño a impresión de que elpais.es acaba de introducir un sesgo profundo na imaxe dos seus potenciais usuarios. De tódolos xeitos, hai que reconecerlle a El País a valentía de dar este paso. Non foi o primeiro, sen dúbida, -El Mundo xa o fixera antes coa súa edición impresa- pero si foi o pioneiro de darlle a volta ó seu modelo para achegar máis valor engadido. O tempo demostrará a validez da fórmula. E a seguinte pregunta é: ¿que é o que pasará nos medios galegos?

# OMNIPAGE PRO 12

# práctico



Por Emiliano Gómez  
emiliagv@usc.es

Transformar un documento impreso en papel nun arquivo de ordenador sin necesidade de volvelo escribir.



O programa da empresa ScanSoft de Recoñecemento Óptico de Caracteres (Optical Character Recognition OCR) OmniPage Pro 12 é unha ferramenta precisa e imprescindible para todos os usuarios de ordenador que utilicen

un escáner (dixitalizador) e desexen aforrar tempo de escritura, preparación, deseño e de retoques no formato dun documento. Os documentos poden ser sofisticados, incluíndo texto a varias columnas, imaxes, logotipos, sinaturas, táboas de datos, bases de datos, distintos formatos de caracteres, de párrafos etc. Este programa non é o mais axeitado para recoñecer como tal texto o texto manuscrito.

Se somentes nos interesa pasar o ordenador unhas fotos, as cámaras de fotos dixitais, webcam ou as cámaras de vídeo que capturan imaxes estáticas resultan moi prácticas seguindo un proceso moi sinxelo e intuitivo, mais as cámaras só son útiles cando tratamos con imaxes.

## O ESCÁNER

O escáner ademais de imaxes permite dixitalizar textos e recoñecelos como tales, o máis estendido é fisicamente semellante a unha fotocopiadora plana e o seu manexo tamén é doado, a un custo moito menor; instálase conectándoo á corrente e ó ordenador, instálase o CDROM que o acompaña e xa estamos en condicións de utilizalo.

Podemos “fotocopiar” poñendo no escáner unha folla solta (varias follas, si o escáner ten alimentador de páxinas) ou un libro, o láser varre a superficie e amosa na pantalla unha copia do documento exposto, podendo agora aceptalo tal e como se nos amosa ou seleccionar co rato a área do documento que nos interese por exemplo seleccionando samente unha foto, unha sinatura, un logotipo.....

A foto seleccionada dixitalízase e despois pódese almacenar co nome desexado en varios formatos gráficos e baixo múltiples opcións de imaxe, por exemplo resolución, cores, etc. A partir de agora esta foto pódese tratar de igual xeito cás feitas cunha cámara de fotos dixital.

Un documento pode ser dixitalizado e almacenado no disco como se fose unha imaxe, é dicir, como un mapa de bits. Tendo entón que utilizar un programa de tratamento de imaxes para traballar co arquivo e tendo en conta que non serve para manipular o texto que contén e que o seu tamaño é moito maior có dun ficheiro de texto.

## O PROGRAMA DE O.C.R.

O programa OmniPage Pro 12 adquirese independentemente e instálase desde o seu propio CDROM. Traballa en español baixo Windows 98-NT-2000-XP, funcionando (pero moi a modifión) noutros equipos antigos Intel Pentium con 64 Mb. de RAM e semellantes, recoméndanse os rápidos equipos actuais para un OCR áxil e dinámico (xa que a tarefa fundamental que realiza un motor OCR é a de comparar.)

Cunha copia en pantalla do documento exposto podemos recoñecer a súa totalidade, unha ou varias partes para almacenalas como fotos do texto ou ben para recoñecelas e exportalas como texto a programas como Microsoft Word, se ben utilizando o programa

de OCR que vén incorporado co escáner de seguro que non obteremos os resultados nin as prestacións que obteriamos co OmniPage Pro 12 (o maior problema dos programas de OCR é que a súa taxa de acertos non é do cen por cen.)

De OmniPage depende o tempo que tarda o OCR en procesar os documentos que xa foron previamente escaneados e non o tempo empregado en escanealos, xa que isto só dependerá da velocidade do escáner que teñamos.

Funcionamento de OmniPage Pro 12

En termos xerais:

1º Obter o documento orixinal.

2º Procesalo e recoñecelo.

3º Gardalo noutra formato ou no mesmo.

A seguinte figura amosa a pantalla inicial ó arrancar o programa, na que se premeu no botón “Asistente de OCR” (recomendado para principiantes) ou en “OCR manual” para usuarios con certa experiencia xurdindo os cinco pasos dos que consta o asistente.



Paso 1/5 Elixir o documento a procesar.


Paso 2/5 Elixir o aspecto que ten o documento orixinal (recoméndase que omnipage elixa, en automático).

Paso 3/5 Definir o idioma que aparece no documento.

Paso 4/5 Activar ou non a revisión do documento.

Paso 5/5 Defina como desexa exportar o seu documento. Gárdeo como arquivo do tipo desexado e faga clic no botón “Finalizar”.

Na figura aparece a miniatura da folla que se abriu e ó lado a mesma folla sendo procesada e recoñecida.



Observe na figura a opción de corrección do texto recoñecido e as zonas nas que se dividiu a exploración da folla.



Ollamos o texto resultante antes de ser gardado como documento de Word.



Así amósase o documento en Word.



Así se procesarían e recoñecerían distintas follas unhas tras outras.

Características de OmniPage Pro 12

Poden consultarse na dirección web

<http://spain.scansoft.com/omnipage>

É exacto e preciso xa que incorpora tres motores de recoñecemento que traballan ó unísono.

Garda o resultado mantendo o formato da páxina orixinal aforrando tempo de deseño e formateo xa que o texto recoñecido é libre sen ataduras de marcos nin anclaxes.

Le e crea arquivos PDF por exemplo pode ler un arquivo PDF e convertelo ao Word ou a outro PDF.

Conserva e recoñece táboas e follas de cálculo aínda que non teñan cuadrículas.

É compatible con 114 idiomas e en revistas ou libros abertos recoñece de xeito independente as dúas páxinas e gárdaas como documentos separados.

Revisa o texto xa transformado verificándoo, amosando o texto que rodea o texto dubidoso.

Está totalmente integrado con Microsoft Word e transforma documentos en páxinas web. Se se desexa, converte a saída a HTML.

A saída dos documentos axústase ó programa específico co que se asocia, por exemplo unha táboa de datos convertiríase nun documento de Microsoft Excel.

Mellorouse o sintetizador de voz (na saída unha voz le en alto o documento) e o recoñecemento por zonas dos documentos.

Conclusión

Unha empresa na que alguén desexe pasar ó ordenador un documento de varias páxinas escrito en texto mecanografado e trata de facelo á man tecleándoo de novo, está perdendo un tempo que podería aforrar co axuda deste programa de OCR.

# XOGOS

## Análise: "El señor de los anillos: las dos torres"

SeviMartyínez  
sazza@ozu.com

O mercores día dezaioito de decembro estreouse unha das pelis máis esperadas deste ano. Trátase da segunda parte de "El Señor de los Nillos" que leva o sobrenome de "Las dos torres". A peli é a segunda da triloxía baseada no mundo de ficción inventado por Tolkien e é considerado como un dos pilares da literatura de ficción do século XX. A dirección da peli corre a cargo de Peter Jackson como a primeira e a terceira, xa que foron filmadas as tres o mesmo tempo.

Esta segunda parte é, segundo as críticas, moito máis activa que a primeira, película que nos presentaba o mundo da terra media onde campan Hobbits, Elfos e demais especies deste mundo. As esceas de batalla son do máis impresionante dende o uso dos extras reais por Anthony Mann. Nesta ocasión os exercitos de ata 50.000 homes foron creados por computadora. Os planos aereos vanvos deixar pegados as butacas nas máis de tres horas que dura esta edición.

Se queredes saber máis desta película, ou estades interesados no mundo de Tolkien, en internet tedes moitas direccións de interese. Nós quedamos con unha [www.elanillounico.com](http://www.elanillounico.com). Dentro desta dirección tedes links en tódolos idiomas, concursos, fotos, o trailer da peli, e incluso un glosario do A á Z con nomes e descripción dos lugares, especies e protagonistas da historia.

Dentro da connoción da estrea da segunda parte do libro de Tolkien está como non o apartado dos videoxogos. Está xa no mercado a edición en forma de xogo para Play2 "El señor de los anillos: Las dos torres", que será un dos produtos estrela de EA e a consola negra para este nadal.

Baseado na primeira e segunda parte cinematográfica, os responsables de EA que xa deron o bombazo con "Harry potter y la cámara segreta", poñen todo o que pode dar a consola de 128 bits nesta marabilla.

A presentación a modo de tutorial cinematográfico serve perfectamente de exemplo. A calidade das tramas e os poligonos e tal que da un pouco de vergoña referirse a elas porque case non se ven...o uso das cámaras que xá nas dúas pelis é asombroso, neste caso é máis que espectacular.

O xogo: o xogo segue a narración que Aragorn lle fai a Éowyn das aventuras da Comunidade do Anel ata que chegan as terras de Rohan. Loitaremos contra dos Nazgul na Cima dos ventos, visitaremos

Moria e moito máis...


Os gráficos son unha das pedras angulares deste xogo: Levaremos as rendas de Aragorn, Legolas e Gimli, cada un cas súas características persoais. Características que ademais iran mellorando como o bo xogo de Rol que tamén é.

Temos a nosa disposición doce niveis de dificultade. Cinco baseados na comunidade do anel: Prologo, Weathertop, as portas de Moria, a tumba de Balin e Amon Hen...e os outros sete cubren a parte das dúas torres.

Falar da música do xogo e da peli é practicamente o mesmo. Acompaña en todo moneto todas as accións dos xogadores e está en perfecta sintonía cos efectos de son, que son tan reais que xogar a escuras é unha auténtica ousadía.

Este é o primeiro xogo baseado na triloxía que recibiu licencia e os responsables das dúas partes chegaron o acordo que a xogabilidade está por riba de todo. ¿Resultado?...Un xogo de arcade coas doses de rol necesarias para que non todo sexa golpear e matar sen ton ne son...tres personaxes principais practicamente inagotables nas súas posibilidades e moitos secundarios que participan activamente na trama...obxectivo cumprido,

Electrónica Arts e Stromfront Studios deron outra vez no cravo con este "El señor de los anillos: Las dos torres", sen dúbida vai ser un dos xogos dos que máis se fale nestas datas fundamentais nos plans de vendas de Play2 e as compañías de programación. O prezo: 65€



# Índice de contidos 2002

Nesta páxina pode consultar de xeito rápido os contidos sintetizados dos seis números ordinarios e catro extraordinarios que publicamos o longo do 2002

Número 1. Xaneiro-Febrero 2002							
(1) Portada	Microsoft Windows XP	(12) Reportaxe	Obxectivo: o despegamento de Galicia	(19) Reportaxe	La fibra óptica, un mundo de servizo en plena expansión	(23) Reportaxe	Tecnimap 2002 na Coruña
(3) Neste número	Unidos na rede	(13) Entrevista	Raquel Robledo, directora do SATT	(20) Reportaxe	PEMES galegas fórmanse en comercio electrónico	(24) A Outra Beira Da Mazá	As relacións entre os Mac e os demais
(5) Actualidade	Novas	(14) Feito en Galicia	e-galego, o primeiro curso de galego na rede	(21) Reportaxe	Gañe ós seus clientes na rede: o web marketing	(25) PC Práctico	O usuario crea a súa tenda virtual: Ab-shop 3
(6) Barlovento	Guía Web da rede en Galicia	(15) Informe	Wireless: Chega a revolución inarámica	(22) Feito en Galicia	Universitarios dixitais e outros cómics na rede	(26) Barlovento	A administración local galega na rede: Aprobado raspado
(9) Reportaxe	Windows XP. A nova experiencia de Microsoft	(16) Informe	Conectando unha rede sen fíos	(23) Nova Economía	¿Qué funciona en la red?	(28) Opinión	DVD: Antes de mercar, preguntar, ver e escoitar
(12) Reportaxe	U-lo	(17) Informe	SCQWIRELESS, a rede sen cable en Santiago	(24) Nova Economía	A importancia das axencias de publicidade on line	(28) Opinión	Dáme un MP3 e devolveiche un Windows Media
(13) Entrevista	ADSL a banda ancha universal: entrevista a Gil Bernárdez	(18) Informe	Cuatro proxectos incorporan Galicia a la revolución de las comunidades inalámbricas	(25) PC Práctico	KaZaA. Compartindo arquivos na rede	(29) Inspector Gadget	Cine en miniatura
(15) Reportaxe	Puntos negros de intercambio de tráfico de Internet	(19) Feito en Galicia	Goomer: viaxe al maravilloso mundo del planeta Mox	(26) Barlovento	De portal a ferramenta: o proceso de redeseño de culturagalega.org	(30) Xogos	Medal of Honor "Allied Assault"
(17) Reportaxe	Cidade da Cultura: un proxecto para o século XXI	(20) Investigación	O CESGA actualiza os seus recursos de cálculo científico	(27) Barlovento	MeteoGalicia	<b>Semana da Ciencia en Galicia. Novembro 2002</b>	
(19) Feito en Galicia	Así se fixo: a palabra no tempo	(22) Reportaxe	O home que se vestiu de reno	(28) Opinión	Píxeles. ¿Necesidade ou mercado?	(2) Reportaxe	Universidade de Coruña, unha infraestrutura moderna ó servizo da ciencia e a tecnoloxía
(20) Reportaxe	CanalCoruña.com	(23) PC Práctico	Personalizando o aspecto de XP Windows	(28) Colaboración	E-mail: historias de humor que circulan por la red	(3) Reportaxe	Universidade de Santiago, o compromiso da Ciencia co desenvolvemento
(21) Reportaxe	A visión dunha XANELA diferente	(24) PC Práctico	Mundo Mac. A outra beira da mazá	(29) El Rincón del Hacker	Las últimas noticias de la Net	(4) Reportaxe	Universidade de Vigo, nos primeiros postos do ránking español en investigación
(22) El Rincón del Hacker	Guerra contra las plataformas digitales	(25) PC Práctico	Download Accelerator Plus	(30) Xogos	IMPERIVM. La guerra de las Galias de la mano de los creadores de TZAR	(5) Reportaxe	Organismos Públicos de Investigación e centros de investigación da Comunidade Autónoma
(23) Feito en Galicia	A aventura máxica de Merliño	(26) Barlovento	Do ciberarmario ós chats con fotos. Gais en Galicia	<b>Especial SATT. Setembro 2002</b>		(6) Reportaxe	Entorno Tecnolóxico, os centros tecnolóxicos xa consolidados no panorama galego
(25) Xogos	Comandos 2	(27) Barlovento	Viaje virtual por las tierras de los oestrímnios: Barbanza.org	(3) Saluda do Presidente de Galicia	Manuel Fraga Iribarne	(7) Reportaxe	Entorno Tecnolóxico, novos centros ó servizo da automoción e do mar e o Parque Tecnolóxico de Galicia
(26) Xogos	Desperados e Dragon's Lair	(28) Opinión	El rural también existe	(4) Saluda do Ministro de Ciencia y Tecnología	Josep Piqué i Camps	(8) Reportaxe	Secretaría Xeral de I+D, Galicia innovación, un lema para a empresa
(27) Xogos	Serious Sam	(28) Opinión	¿Pirateamos ou piratéannos?	(4) Saluda do Alcalde de Vigo	Lois Pérez Castrillo	<b>Especial EXPonter 2mil. Decembro 2002</b>	
(28) PC Práctico	Winzip	(29) El Rincón del Hacker	Un poco de historia. Pero ¿quiénes son los piratas?	(5) Reportaxe	La Diputación Provincial de Pontevedra por las nuevas tecnologías: Manuel Abeledo López	(3) Entrevista	Jorge Bermello Arce, presidente del Comité Organizador de Expoenter
(29) Opinión	Portalprovincial.com. El comercio local por Internet.	(30) Xogos	Análise Max Payne	(6) Reportaxe	SATT: el foro tecnológico del Noroeste peninsular. Raquel Robledo, directora SATT	(5) Reportaxe	Expoenter 2mil
(29) Opinión	O Libro Branco Galego	<b>Especial MITE. Xuño 2002</b>		(7) Entrevista	Zona franca para las nuevas tecnologías. Pablo Egerique, delegado del Gobierno en la Zona Franca de Vigo.	(6) Reportaxe	El mundo de la informática en la sociedad y la empresa
(29) Opinión	Nuevas tecnologías ¿La revolución pendiente?	(3) Saúda do Presidente de Galicia	Manuel Fraga Iribarne	(9) Reportaxe	Perspectiva práctica de la firma electrónica basada en certificado original, por David Barquín de SOFTGAL	(8) Reportaxe	La movilidad total en busca de la "Killer Application"
(29) Opinión	Las telecomunicaciones o nuevas tecnologías	(4) Entrevista	Objetivo: Impulsar las TICS en Galicia. Juan Rodríguez, conselleiro de Industria e Comercio	(11) Reportaxe	Presente y futuro de la Banca Móvil, por Jerónimo Pérez Paz de Caixa Galicia	(10) Reportaxe	O centro de competencias asesora en comercio electrónico ás PEMES galegas
(30) Reportaxe	Virtualibro	(5) Entrevista	O rural disporá de Internet o próximo ano	(12) Reportaxe	Boletín Diario de Bolsa de Caixa Galicia: la información al servicio del inversor	(13) Reportaxe	Perspectiva práctica de la firma electrónica basada en certificado digital
(31) Libros	Novidades editoriais	(6) Entrevista	MITE, un referente profesional tecnológico. Xosé Maril, presidente da Feira Internacional de Galicia	(12) Última hora	Servicio de Red Inalámbrica	(14) Reportaxe	Internet como canal alternativo para utilizar servicios financieros
(32) Galegos na rede	Entrevista a Ángel Viña Castiñeiras	(7) Entrevista	A biotecnoloxía rexerá o noso futuro. Miguel A. Ríos, Secretario Xeral de I+D da Xunta de Galicia	(13) Reportaxe	ADSL: la Banda Ancha en el hilo telefónico	<b>Número 6. Decembro 2002</b>	
<b>Número 2. Marzo-Abril 2002</b>		(8) Reportaxe	MITE acollerá unha xornada do programa empresaria e xestión informática	(14) Reportaxe	Evolución y aplicaciones de las redes wireless, por Víctor López García de AVA Soluciones Tecnológicas	(1) Portada	Energías renovables: Agora ou nunca
(1) Portada	O cablemodem, a alta velocidade chega a Galicia	(9) Reportaxe	CIS Galicia. Ayuda a las PYMES gallegas en el desarrollo de las nuevas tecnologías	<b>Número 5. Outubro-novembro 2002</b>		(3) Neste número	Editorial
(3) Neste número	Editorial	(10) Entrevista	IGAPE, incentivo e apoio as PEMES. Norberto Penado, subdirector de Axudas á Innovación do IGAPE	(1) Portada	E-barómetro as empresas galegas e o comercio electrónico	(4) Firma Invitada	Victor Salgado: La ley de servicios de la sociedad de la información y del comercio electrónico
(5) Actualidade	Novas	(11) Entrevista	El futuro será móvil. Fernando Bordallo, director territorial del Noroeste de Telefónica Móviles	(3) Neste número	editorial	(5) Actualidade	Novas
(7) Barlovento	Guía Web da rede en Galicia	(12) Reportaxe	Medios de pago en Internet, un elemento clave para el éxito de un marketplace	(4) Firma invitada	María José Rodríguez Malmierca: Tecnoloxía e ensimo: puntos de reflexión.	(9) Entrevista	Domingo Docampo: En Galicia falta unha instancia que centralice o esforzo para avanzar na S+I
(9) Reportaxe	O Encontro "Xuventude Galicia Net" terá este ano 1.500 prazas para os internautas	(13) Reportaxe	A simulación por ordenador abre novas oportunidades para Galicia	(5) Actualidade	Novas	(11) Informe	e-barómetro II: A peme galega tralo rastro da europea
(10) Reportaxe	Congreso de Periodismo Dixital en Huesca	(14) Reportaxe	Tódolos recursos conectados a Internet cooperarán gracias o GRID	(9) Informe	e-barómetro: Situación e perspectivas das empresas galegas	(13) Debate	A LSSI a debate: A globalización dificultará a aplicación da normativa española
(11) Informe	O cablemódem	<b>Número 4. Agosto-setembro 2002</b>		(9) Informe	Situación e perspectiva das empresas	(15) Informe	Energías renovables: Ahora o nunca
(13) Comercio electrónico	O Centro de Competencias impulsará o uso de Internet	(1) Portada	Móviles: camiño dos dous millóns	(10) Informe	As empresas galegas e o comercio electrónico	(16) Informe	El sol fuente de energía alternativa
(15) Empresas na rede	Caixa Galicia	(3) Neste número	Editorial	(12) Reportaxe	Música na Rede: fracasa o comercio, medra o intercambio	(17) Informe	Energías renovables: ¿modernidad o realidad?
(16) Entrevista	Víctor Pérez-Díaz: "El protagonismo de la Sociedad de la Información no es del Estado sino de la Sociedad"	(4) Firma invitada	Fernando Bordallo: "El futuro móvil"	(14) Reportaxe	Expo-enter 2002. Feira de Ourense	(18) Informe	La energía eólica alternativa para Galicia: Entrevista Iñigo Muniozgueren
(18) Entrevista	Jorge Maceiras: coordinador da rede Tanza	(5) Actualidade	Novas	(15) Reportaxe	Proxecto Dixital "Opera Oberta"	(19) Nova economía	El fin de una época
(19) Reportaxe	Politicadigital.net	(8) Reportaxe	Industria propicia un investimento de máis de sete millóns en tecnoloxías da información e da comunicación	(16) Reportaxe	Digital Opera. El Liceu en la Universidad	(21) Reportaxe	Nuevo boletín de Caixa Galicia: El análisis de la situación económica al alcance de todos
(20) Reportaxe	7 estrelas en Vieiros	(9) Novas	CIS. Galicia impulsa o desarrollo das Tics	(17) Reportaxe	"Universita": feira de asociacións da Universidade de Vigo	(22) Barlovento	Prensa galega On-line: No bo camiño
(21) Reportaxe	Culturagalega.org	(11) Entrevista	"Una formación de calidad garantiza la mejor salida laboral". Cesar Blanco. Director de Academia Postal.	(18) Reportaxe	Actividades en Universita desde a escritura xaponesa ós obradoiros	(24) Barlovento	Desastre Nacional: A Internet en Apoio de Galicia
(22) Feito en Galicia	Plis-Plas: os cativos na Radio Galega	(12) Reportaxe	Código Cero: nacemento e maduración.	(19) Nova Economía	Banca On-Line: ¿qué nos depara o futuro?	(25) Inspector Gadget	Tablet PC: ¿O sucesor dos portátiles?
(23) Feito en Galicia	El Bosque Animado, el éxito de la iniciativa gallega de animación	(14) Entrevista	"Más capacidad de cálculo para a investigación en Galicia". Xabier García Tobío. Director do CESGA	(20) Nova Economía	Desde el mirador	(26) Inspector Gadget	Electrónica de consumo
(24) El Rincón del Hacker	El cambio de tarjetas, definitivamente, es cierto	(15) Informe	"Sociedad de la información y Municipios. Una responsabilidad que tiene un coste." Gil Carlos Bernárdez, presidente de AETG	(20) Nova Economía	El sueño de una nueva economía	(28) Opinión	Móviles: ¿Comunicación ou moda?
(25) Consolas	Xbox	(16) Informe	¿Caminamos hacia atrás?	(21) Comercio electrónico	Las ventajas del comercio electrónico en la práctica	(28) Opinión	Navegacións cotidianas: Todos a unha
(27) Xogos	Alone In The Dark	(16) Informe	O móbil das nosas vidas	(22) As Outras Alternativas	Galicia y Linux	(29) Pc Práctico	Omnipage Pro 12
(28) Xogos	Real War	(17) Informe	Los servicios de datos en telefonía móvil. "El predominio de los servicios sobre las tecnologías".			(30) Xogos	El Señor de los anillos: las dos torres
(29) Opinión	Cando Windows tare novas versións	(18) Entrevista	Domótica. Viviendas inteligentes.			(31) Sumario	Índice anual de contidos 2002
(29) Opinión	Por favor piateen mis canciones						
(30) PC Práctico	Copernic: atopando información na rede						
(31) Firma Invitada	Ignacio Bourrellier: La ley de los cybers						
<b>Número 3. Maio-Xuño 2002</b>							
(1) Portada	Wireless a revolución inarámica						
(3) Neste número	Editorial						
(4) Firma invitada	Ángel Viña: A construción da Galicia dixital						
(5) Actualidade	Novas						
(9) Entrevista	Senén Barro: "A universidade debería liderar a sociedade da información"						
(10) Reportaxe	Acabouse o fuxir da informática						



## ESTA ES TU WEB.

### LA WEB JOVEN DE CAIXAGALICIA.ES

Tu sitio exclusivo en Internet. Aquí encontrarás todo lo que quieres, deseas y necesitas: becas, viajes, productos financieros que te gustarán, juegos, música... No te lo pierdas. Están hechos a tu medida

## ESTE ES TU CONCURSO.

### TUS IDEAS TIENEN PREMIO

Si tienes ideas para desarrollar un juego financiero en red, o crees que las puedes tener, no lo dudes. Esta es tu ocasión. Puedes ganar una **Cámara Digital HP Photosmart o un Reproductor MP3 de 8 cm.**

Participa en el sorteo de un regalo por solo inscribirte.



## ESTA ES TU OFICINA

### SIEMPRE TU DINERO ON-LINE

Si te gusta ser práctico y rápido esta es la mejor manera de operar con tu dinero. A través de Internet. A través de Caixa Activa. Podrás informarte y gestionar tus cuentas desde cualquier lugar y a cualquier hora del día.

caixa **activa**

 CAIXAGALICIA



902 20 91 33  
www.caixagalicia.es